


Dálle á Lingua

PUBLICACIÓN TRIMESTRAL DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES DE MELIDE



Semana da Ciencia en Galego

O pasado mes de novembro celebrouse en Melide, como en moitos outros centros de Galicia, a "Semana da Ciencia en Galego". Alumnos do IES de diferentes materias e cursos subimos ata a Praza do Convento, no casco vello do pobo, acompañados dos profesores de física e química ou bioloxía, entre outros.

Estes levaron algúns aparellos para amosarnos como cousas tan simples como unha corrente de auga pode facer xirar un muíño, ou como unha mestura de xofre e vinagre fan inflar un globo co dióxido que emiten.

Aparellos coma estes que aparentemente se fan con materiais que podemos atopar nas nosas casas, teñen que ver coa ciencia.

Isto todo puidémolo comprobar en primeira persoa, xa que nos deron a oportunidade de podelo facer nós, coas nosas propias mans.

Desta maneira puidemos comprobar que a ciencia non só son as fórmulas matemáticas que aparecen case sempre, por non dicir sempre, nos libros que empregamos para estudar; a ciencia é moito máis. E que o galego é unha lingua tan válida coma as outras para explicar e aprender cuestións científicas.

A súa aprendizaxe non ten por que ser unha cousa aburrida e monótona, pode converterse cada día nunha auténtica aventura, coa que coñecer cousas realmente importantes.

Iván Vidal (B2°C)


RECOMENDAMOS



Sen mirar atrás, relata a viaxe do protagonista que acompañado do seu can ten que vencer os tropezos que se lle presentan. Gañador do V Premio de Banda Deseñada Castela, convocado por la Deputación Provincial de A Coruña, está avalado polo debuxante Miguelanxo Prado.



Os Crebinsky, filme cen por cen galego: un ruso que casa cunha galega; uns americanos que queren asaltar a nosa costa; nazis na procura dun paracaidista; dous irmáns detrás dunha vaca...



A Casa das Crechas é un famoso pub de Santiago de Compostela. Aí reúnen periodicamente unha serie de músicos que deron en chamarse A Banda das Crechas. **ABDC** é o seu último traballo, quince temas cun libreto explicativo en galego.

EDITORIAL

E non seremos ninguén até que recoñezamos o que nos ven dado de noso...

Un día pola rúa, xa entrada a noite, atopeime cunha vella amiga. Estaba sentada no chan.. MAGOADA! Tiven que facer esforzo para recoñecela, pero tras facelo, precipitada e torpemente faleille.

- P-p-pero tú? i Qué haces aquí y a estas horas!

- ... -Non se molestou en contestarme ó momento. A súa mirada era totalmente desoladora.

Levabamos xuntas dende a infancia, dende ben cativa rimos e choramos xuntas, xogamos xuntas, berramos xuntas... até discutimos e pelexamos xuntas! Sempre ó meu carón.. ela sempre tan bonita... a miña primeira carta de amor con ela, pero as derradeiras deste mes non teñen nin rastro dela.

Por que? Por que nos distanciáramos tanto? Teño que recoñecer que dende que me mudei á Coruña perdera o contacto con ela.

Antes iamos xuntas tomar o café ó *Xulio*, protestar dende a Alameda até o Obradoiro, cantar na Cervexería *Cuco Cuquelo*, pasar horas e horas escribindo e sentíndome ben... unha sensación da que vagamente me lembraba.

Si, dende que estou na Coruña non sabía nada dela. Non fixeramos nada xuntas, sequera a escoitaba polas rúas, ela que é moi de aturuxar e dar os bos días tan docemente... E nestas últimas non volvera tampouco moito polo meu pobo, que era o único que me quedaba para estar con ela. Só alí podía gozar dos seus encantos e recordar o feliz que fora ó seu lado, que baleira me cheguei a sentir...

Ofrecéralle vir comigo á Coruña, e viñera, prometérame de máis nova non abandonala endexamais, pero... non conxeniou cos meus novos amigos, e acabei dicíndolle que quedara no pobo... QUE NON ME AVERGOÑARA MÁIS!

E así foi como perdera totalmente o contacto, até aquela noite coruñesa na que a choiva de abril me enchoupaba os cabelos.

- ¿No me escuchas?

- Escoito muller, escoito... escoito como me abandonaches... escoito como me deixaches aquí tirada... escoito nas escolas como cada día estou morrendo por culpa de xente coma ti! É que non fuches feliz? Xa non me queres quizais? Fixen algo malo?

- N-no...

- "No"?

- Perdoa... non...

- Ti vales máis do que ninguén te poida cohibir, lévame da man! presume de min! faime fermosa de novo na túa boca! emprégame! dálle a oportunidade ós cativos do futuro de que me coñezan! VOLVER FELIZ Ó MEU CARÓN AMIGA!

Inviteina a un café coma nos vellos tempos, con cada palabra que lle dicía en galego, íase curando cada magoadura ata que quedou co seu aspecto xovial e encantador de sempre...

Síntome máis leda ca nunca! porque recuperei unha amiga que por mor de que me vulgaran ou me rexeitaran desprecei..

ESTOU LEDA DE RECUPERARTE, LINGUA!

Iria Parras (B2°C)

NOVAS DA LINGUA

Lendo titulares como este: "*Educación gastará 2 millóns en 2011 na versión en castelá de libros en galego*" doume conta do goberno que temos, que gasta tal cantidade de cartos en despoxarnos da nosa lingua materna cando está declarada unha crise soada en todo o mundo. Outro titular que chama a atención é un que di: "*A campaña do decreto, punta dun polémico iceberg de gastos*" porque entre os cartos que supón por os libros en castelán, e as axudas que están a dar... penso que acabarían antes deixando as cousas como están e así todos contentos, nós seguiríamos tendo a nosa querida lingua nos libros e eles

terían mais cartos no peto.

© CARRABO UXXO por XOSÉ LEIS



O cinema en galego é outro caso que nos leva a pensar sobre a nosa lingua, xa que os filmes que chegan en Galego ás salas comerciais non son previamente promovidas. Un exemplo é o filme animado "A tropa de trapo"; nesta película non só non especifican que sexa en galego se non que aínda por riba o seu título foi traducido ao castelán.

O caso dun galego que solicita, nun xuízo en Padrón, que as partes se dirixan a el en galego: o maxistrado negouse; este é un dos moitos casos nos que nos damos conta de que o galego está menosprezado nalgúns situacións. Outro caso no que se ve reflectido iso é o seguinte: se ti pides uns papeis xudiciais que en castelán se fan automaticamente, en galego demóranse moito mais ou directamente non os fan.

No referido á toponimia tamén cabe destacar que na páxina web do Ministerio de Xustiza aparecen atrocidades coma as seguintes: EL PINO, PUEBLA DEL CARAMIÑAL, CALDAS DE REYES.... ou o propio nome da nosa vila, MELLID. Estes son algúns dos resultados catastróficos que resultan ao querer

pasar algo propio da nosa lingua ao castelán, e á vista está que moi ben non lles saíu.

Laura López Roca (S4ºA)

Máis: en decembro viu a luz o **Galeoke**, o primeiro karaoke con cancións galegas, un xogo no que acumulas puntos interpretando pezas dos teus artistas galegos preferidos.

Este ano as Letras están dedicadas a **Lois Pereiro**, un monfortino ao que alcumaron o poeta punk.

No 2011 celébrase o centenario do nacemento de **Álvaro Cunqueiro**. Por iso o Consello da Cultura Galega está a organizar unha serie de actos conmemorativos: o congreso "Mil e un Cunqueiros", charlas en distintas cidades galegas (ademais de Madrid e Barcelona), unha exposición, varios roteiros polas cidades máis importantes na vida do autor... Bo ano pois para ler algo deste autor!

NOVAS DO CENTRO

No que vai de curso, os alumnos do IES de Melide gozamos de diversas actividades de lecer e educativas.

Os rapaces de 2º de ESO viaxaron a Lugo e viron unha exposición de instrumentos baseada en debuxos de Leonardo da Vinci e o Centro de Artesanía e Deseño no que visitaron un obradoiro e unha exposición de instrumentos galegos e do mundo.

Os alumnos do 2º Ciclo acudiron a Santiago para ver unha obra de teatro baseada no libro "**Memorias dun neno labrego**", de Neira Vilas, e a Lugo para asistir á representación de "**Miles Gloriosus**" e "**Medea**".



Hai unhas semanas desenvolvéronse as **Xornadas de Orientación** nas que se abordaron cuestións relacionadas co noso futuro profesional.

Como no IES somos moi solidarios participamos na **Carreira Solidaria**, organizada pola ONG "Save the Children" e realizamos unha semana do **Comercio Xusto**, no que compramos coa seguridade de non colaborar coa explotación de persoas.

O día antes das vacacións de Nadal e Entroido o IES ofertounos unha serie de actividades moi variadas: talleres, deporte, disfraces, karaoke... Por certo, que este ano houbo moitos disfrazados. Parabén!!!

E hai uns días, alumnos de 3º, 4º e Bacharelato viaxaron a **Grecia**, unha actividade cultural chea de experiencias que non esquecerán xamais.

**Fátima Amboage e
Elena Varela (S4ºD).**

TOXOS E FLORES

Toxos para esa concursante galega do *Gran Hermano* que renega da súa lingua; por cambiar os libros que tiña que ler en galego por outros en castelán; por pensar que os de Lugo teñen un acento moi bruto, moi galego; por desprezar aos mozos que falan galego (ela nunca mantería unha relación cun rapaz que falase galego)... en fin, por non coñecer nin valorar a riqueza da lingua galega.

Flores para o Senado por permitir desde o mes de xaneiro que os seus membros poidan expresarse na súa propia lingua. Esperamos que o seguinte paso sexa a incorporación desta medida no Congreso dos Deputados.

ENCRUCILLADOS

O	T	E	M	I	L	I	O	C	A	O	Z	T	I	B	Q	P	I	S
A	X	M	N	H	T	H	U	O	X	T	H	A	F	E	F	D	B	N
C	T	I	B	C	A	A	L	S	T	A	D	R	Ñ	Z	B	H	O	T
R	A	P	D	U	B	T	U	Ñ	A	P	E	U	P	M	E	Ñ	E	D
I	F	R	T	C	F	Ñ	A	T	M	A	T	I	N	A	R	I	Z	V
L	T	D	L	L	V	E	R	M	S	N	M	A	Q	T	R	S	D	H
U	E	B	V	O	Ñ	U	N	M	M	I	L	L	A	D	O	I	R	O
Z	F	I	C	S	S	O	A	Ñ	D	T	O	E	Ñ	P	G	F	C	T
C	U	H	O	S	D	N	L	M	F	S	Ñ	I	D	T	Ü	O	S	B
A	I	E	Ñ	U	A	S	U	Z	Ñ	I	T	L	S	V	E	U	L	E
S	H	D	S	A	I	E	B	Ñ	A	R	M	I	L	L	T	X	L	F
A	I	F	Z	V	F	U	R	V	E	C	Z	A	O	V	O	I	O	T
L	C	U	D	E	Ñ	I	E	F	D	Z	P	O	I	C	F	A	E	D
T	F	S	C	S	I	V	I	S	B	Ñ	S	E	Ñ	V	U	O	Ñ	V
F	U	X	A	N	O	S	V	E	N	T	O	S	B	Z	X	I	F	S

DÁLLE Á LINGUA
Ano XVII, nº 30, Abril 2011.
Dálle á Lingua é responsabilidade do Colectivo "Lugrís Freire", grupo de traballo do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do IES de Melide.

Consello de Redacción: Iván Vidal(B2ºC), Iria Parras (B2ºC), Laura López (S4ºA), Fátima Amboage e Elena Varela (S4ºD), Miriam Penas, Silvia Vizcaíno, Paula Zas, Eva Loureiro e Jennifer Varela (S3ºC).

Maquetación:
 Belén.

Busca o nome dos cantantes e grupos galegos que aparecen nesta sopa de letras.
Miriam, Silvia e Paula (S3ºC).

G	T	O	P	Ñ	L	G	L	S	O	Q	S	F	R	S	I	D	F	D	P
D	A	U	F	K	B	O	M	Q	C	I	A	O	L	O	T	C	F	P	A
K	O	I	A	Q	A	B	G	R	A	W	T	R	W	T	H	S	H	R	N
I	T	E	T	P	M	M	W	V	R	E	R	S	K	I	E	S	I	O	D
N	P	W	N	A	R	O	E	D	I	R	Q	H	F	P	O	E	F	I	E
R	T	U	A	H	Z	B	T	A	N	H	U	R	E	E	V	F	N	S	I
E	N	I	W	P	G	A	E	R	A	D	E	G	C	A	F	C	A	V	R
Q	Q	U	R	A	F	H	I	I	S	A	O	H	N	K	A	H	M	B	O
U	H	S	O	T	A	R	P	E	T	E	F	A	K	Z	C	P	U	W	G
I	B	C	M	I	K	P	G	A	S	O	C	V	G	N	D	Ñ	R	N	T
N	N	D	Z	A	N	F	O	N	A	P	B	C	U	N	A	I	A	G	P
T	Ñ	S	F	B	A	G	P	U	I	D	V	C	A	R	R	A	C	A	A
A	C	I	N	O	M	R	A	H	A	O	E	M	D	Q	H	P	O	C	N
H	A	C	O	P	N	Q	I	N	V	C	T	A	M	B	O	R	I	L	O
Q	X	D	F	K	B	C	F	T	S	N	A	I	S	O	E	R	E	Q	E
A	A	T	E	R	I	E	D	N	A	P	C	A	R	M	P	P	L	T	D
B	Z	O	G	S	C	L	B	A	A	L	E	N	A	L	R	P	A	T	R
D	Q	T	A	R	R	A	Ñ	O	L	A	S	R	D	Ñ	A	A	S	I	O
M	A	G	E	D	F	G	I	C	H	C	X	P	L	W	H	T	X	R	C
E	L	A	C	H	A	R	R	A	S	C	O	Z	Ñ	A	P	H	U	L	A

¿CRES QUE A SITUACIÓN DO CASTELÁN É DE PERIGO? SI, PARA O GALEGO!



Encontra nesta sopa de letras dezanove instrumentos empregados na música galega.
Eva e Jennifer (S3ºC).